

O MONTE FARO

Dende A Barrela saímos pola estrada LU-P1002, a 4.5km collemos á esquerda pola LU-P1003 cara Santa Cristina e Furco a onde chegaremos tras 5km. En Furco collemos dirección Chantada pola LU-P181, e a 600m, collemos un desvío cara A Matanza, pasada esta aldea continuamos dirección ó alto do Faro.



CARBALLEDO

ASÓMATE

Entre a Serra do Faro...



... e á confluencia Miño - Sil

ÁRBORES MONUMENTAIS

Carballo do Mestre



Comezamos o percorrido no lugar de A Barrela; Collemos a N-540 dirección Lugo e a 1.8 km collemos á esquerda cara ó lugar de O Barrio. Dende ó lugar de O Barrio un camiño lévanos xusto ata á Carballeira, situada ó lado da N-540, e na que se atopa ó Carballo do Mestre.

Carballo Grande de Bustelo



Tomamos á N-540 dirección Ourense, e a 1.6 km de A Barrela, no lugar de Bustelo, atopamos á esquerda da N-540, o Carballo Grande de Bustelo. Este exemplar chama a atención polo gran oco que presenta no seu interior.

Carballo do Herdeiro



Saímos de A Barrela pola N-540 dirección Ourense, a 3.2 km collemos desvío cara San Pedro e Ceides, a 1.4 km, despois dunha ponte, tomamos un desvío á dereita cara Carballedo. Á dereita desta estrada nunha finca próxima á unha carballeira podemos ver ó Carballo do Herdeiro. Destaca pola súa verruga que sae dende á base, alzáse ata case dous metros de altura e presenta un diámetro de 10m.

Carballo da Casa Grande



En A Barrela, tomamos a estrada LU-901 dirección Cea, e a 1.2 km collemos ó desvío cara Bucións. A 2.8km, despois dunha pequena ponte, collemos á dereita cara Loureiro de Abaixo, e a 600m atopamos outro desvío cara a Casa Grande. Diante desta casa, atopamos ó

Carballo da Casa Grande, tamén coñecido como o avó de Europa, cunha altura duns 30m.

Carballo do Pazo de Cartelos



Partimos de A Barrela, dirección Cea, a 500m desvíamonos á dereita pola LU-P1002 e a 4.5km, unha pista privada diríxese ó Pazo de Cartelos. Na carballeira deste pazo atópase ó Carballo de Cartelos. Cunha altura de máis de 30m, circunferencia de tronco duns 12 metros

e unha idade duns 1500 anos, convértese nun dos mellores exemplares da súa especie en toda Europa.

PENEDO DO GRAÚLLO E FERVENZA DE FONDÓS



Para chegar ó Penedo do Graúllo, partindo de A Barrela, collemos á estrada LU-P1001 dirección Castro e a 6km coller ó desvío á esquerda pola LU-P1006 cara Chouzán. A 4.5km chegamos a un cruce no que

collemos á esquerda pola LU-P1801 cara Chantada a 3.2km atopamos ó Penedo de Graúllo e a Fervenza de Fondós.

Trátase dunha formación rochosa de gran tamaño por cuxo lateral discorre unha fervenza, a do Río Fondós, antes de desembocar no Miño.

Unha paraxe natural na que destaca tamén a vexetación, aciñeiras e sobreiras entre érbedos, salvia ou romeu dan lugar a un bosque mediterráneo único na zona.

MIRADORES

MIRADOR DE PENA CABEZUDA



Comezamos o percorrido no lugar de A Barrela, collemos a N-540 dirección Lugo e a 3.2km, xusto no desvío elevado, collemos á esquerda por unha pista de terra que tras 1km nos leva á Pena Cabezuda unha rocha con forma

de cabeza humana que se levanta no alto da parroquia de Milleirós. Dende este punto obtéñense unhas grandes vistas de Carballedo e de terras doutros concellos como o de Chantada, Monforte e Ourense.

MIRADOR DE HERBEDEIRO



Para chegar ó lugar de Erbedeiro, partindo de A Barrela, collemos á estrada LU-P1001 dirección Castro e a 5km coller ó desvío á esquerda pola LU-P1006 cara Chouzán. A 4.5km chegamos a un cruce no que collemos á esquerda pola LU-P1801 cara Chantada e a 4.2km chegamos a Erbedeiro.

Unha aldea, na que destaca ó cultivo de viño en bancais e unhas fermosas vistas sobre ó río Miño.

MIRADOR DE A GRIXOÁ



Para chegar ó lugar de A Grixa, partindo de A Barrela, collemos á estrada LU-P1001 dirección Castro e a 6km collemos á esquerda pola LU-P1006 cara Chouzán. A 4.5km chegamos a un cruce no que debemos collemos á

dereita pola LU-P1801 cara Peares. A 2km atopamos o lugar de A Grixa. Para chegar ó mirador temos que entrar ó pobo pasando por diante da torre de orixe medieval, e da capela hoxe en ruínas.

Seguindo este camiño imos vendo unhas fermosas vistas sobre ó río Miño e o lugar de Chouzán.

MIRADOR DE OS PEARES

Para chegar a Os Peares, partindo de A Barrela, collemos á estrada LU-P1001 dirección Os Peares.

Neste lugar conflúen tres ríos: Miño, Sil e Búbal. O Búbal desemboca no Miño polo lado de Carballedo e o Sil desemboca no Miño polo lado de Nogueira de Ramuín.

Este pobo é tamén un lugar singular polas súas divisións territoriais:

- Forma parte de dúas provincias: Lugo e Ourense
- Esta dividido en catro concellos: Carballedo e a Peroxa (de Lugo) e Pantón e Nogueira de Ramuín (de Ourense).

